

Proxecto Meiga


Procurar fondos

A busca de fondos no Proxecto Meiga faise a través do módulo **OPAC**.


Acceso

Podemos **acceder** a el de dous xeitos:

1. Premendo **OPAC** no menú "Consultas/Listaxes"




2. Premendo na botoneira



Formulario de consulta

Ofrécenos tres posibilidades de busca:

- Directa
- Texto libre
- Rango de rexistros



Busca directa:


Permite a recuperación dos rexistros por orde alfabética a partir da/s palabra/s introducidas como termos de busca no campo seleccionado.

Estes son os **pasos** que debemos seguir:


1. Seleccionamos "directa" en "tipos de busca"




2. Escollemos a sección na que queremos buscar. Por defecto aparecerá "catálogo xeral", pero despregando o menú podémolo cambiar




3. Escollemos o tipo de valor da consulta entre os dez que nos ofrece, e escribímolo



4. Tamén podemos premer o botón . Aparece o listado alfabético do valor. Seleccionamos o que nos interesa.



5. Prememos "buscar".



Ao ser unha busca alfabética a partires do dato introducido, cando realices unha busca directa, tende en conta:

- Se buscamos por **"título"**, debemos introducir o comezo do mesmo, lembrando que os artigos e os signos non alfabetizan

Exemplos:


Introducimos "recordada" ou "recordada sombra" para buscar a obra con ese título.

Introducimos "entroido" para buscar a obra "O entroido"

Introducimos " ya soy" para buscar "¡Ya soy mayor!"

Texto libre:


Se escollemos esta opción aparece o seguinte formulario:



A busca por texto libre recupera rexistros que conteñan a palabra ou grupo de caracteres que introduzamos, sexa cal sexa a súa posición dentro do seu campo. Como vedes ofrécenos múltiples criterios de busca que ademais podemos combinar entre si. (Tamén podemos acceder ao listado de títulos, autores, editoriais, materias, cdu's e series premendo o botón ).

Rango de rexistros:

O formulario:



Recupera os rexistros comprendidos no intervalo que introduzamos.

Na parte inferior dos tres formularios (busca directa, texto libre e rango de rexistros), atopamos os seguintes botóns:



Serve para consultar o número de rexistros reais en cada unha das táboas principais e o número real de rexistros bibliográficos:

Proxecto Meiga	
Nº rexistros bibliográficos:	6.288
Nº de títulos:	7.622
Nº de títulos uniformes:	0
Nº de autores:	17.003
Nº de autoridades:	2.782
Nº de CDU:	1.294
Nº de series:	589
Nº de materias:	841
Nº de editoriais:	264
Nº de lectores:	435
Aceptar	



Amosa a táboa de eventos ata o día de hoxe

Eventos			
Data inicio	Data fin	Hora	Descrición
03/05/2010	03/05/2010	10:30	Apertura do préstamo para o 3º ciclo



Inicia a busca



Cancela a busca e pecha o formulario.

Pantalla de resultados

É unha pantalla dividida en **dúas partes**:

Parte superior

Parte inferior

Resultado consulta OPAC. Nº ocorrencias: 367

470	Parker, Steve
475	Peixes, réptiles, mamíferos.[1997]. ISBN: 84-8302-083-1.
476	Burnie, David
478	O paxaro e o seu niño.cop. 1989. ISBN: 84-372-3730-0.
509	Burnie, David
	O paxaro e o seu niño.cop. 1989. ISBN: 84-372-3730-0.

Ficha ISBD > Parker, Steve

59 LG

COM

pei

Peixes, réptiles, mamíferos / Steve Parker, Jane Parker ; [traducción, María Sola Bravo, Ángela Sola Bravo, Inés Banet Santa María].-- Vigo : Edicións Xerais de Galicia, [1997].-- 96 p : il. cor ; 29 cm.-- (Biblioteca Compás ; 16)

D.L. M 2409-1997.-- ISBN 84-8302-083-1

1. Animais.-- I. Banet Santa María, Inés II. Sola Bravo, Angela III. Sola Bravo, María IV. Parker, Jane

087.5:59

59

ISBD Meiga / MARC Multimedia Tratamento

Ordernar por

Non emprastado

Valorar

Aceptar


Parte superior: a o listado dos resultados atopados distribuídos en dúas columnas. Na primeira vemos o número de rexistro e na segunda o/a autor/a, o título, o ano de publicación e o ISBN.

Podemos movernos pola lista empregando as frechas do teclado ou o rato e acceder a un rexistro facendo clic sobre el ou premendo enter cando estea seleccionado (aparecerá dunha cor escura).

Parte inferior:

Imos fixarnos en primeiro lugar no lado esquerdo, onde aparece a información do tejuelo.


É a mesma que aparece nas etiquetas dos libros e a que empregamos para ordenar os libros.



Lembrede:

Sinatura 1: c.d.u. (59. zooloxía) e lingua (LG. Lingua galega)

Indícanos en que zona vai estar o libro



Sinatura 2: tres primeiras letras do apelido do autor ou nome da colección



Sinatura 3: tres primeiras letras do título da obra ou nº de serie

Sérvennos para ordear os volumes dentro da súa zoa.

Criterio alfabético


Para ampliar a información sobre a obra e a súa ubicación, prememos na pestana Meiga/MARC

e accedemos a toda a información da ficha da obra. Podemos movernos polos resultados coa barra de desprazamento




ata chegar á parte inferior, onde aparece toda a información da ubicación da obra.

Así imos vela no ordenador



e así a toparemos no andel e no volume



Para rematar:


- Na parte inferior esquerda da pantalla atopamos un menú desplegable que nos permite escoller o criterio para **ordear** o listado de resultados. Escollémolo e facemos clic no círculo negro
- Ó lado do menú, indícasenos se o libro está **emprestado** ou non.




Para que serven as outras lapelas da pantalla de resultados????

(esto xa é para nota)

Permítenos escoller distintos formatos de presentación e o tratamento dos resultados según a lapela que premamos (**ISBD**, **Meiga/MARC**, **Multimedia** ou **Tratamento**)




ISBD:



A vista que aparece axéitase ás normas ISBD:

- No recadro superior aparece o **encabezamento principal**.
- Á esquerda os tres campos da **signatura topográfica**.
- No recadro central a **descrición completa do rexistro**.

Meiga/MARC:



Presenta os datos en tres columnas co mesmo formato que na pantalla de catalogación.

- A primeira columna corresponde aos **campos Meiga**.
- A segunda é a súa correspondencia en **formato MARC**.
- A terceira son os valores dos campos

Emprégase a barra de desprazamento para moverse polos distintos valores presentados. Nalguns campos, poden aparecer os botóns de busca de valores exactos e valores con relacións:.



- **Buscar valor:** permite a busca do valor seleccionado.
- **Con relacións:** permite a busca do valor seleccionado e dos relacionados.
- **Valorar:** permite establecer a valoración dunha obra. Cando o prememos, aparece un formulario.



Multimedia:



A vista Multimedia presenta mediante etiquetas os principios datos do rexistro bibliográfico seleccionado. Tamén permite tratar os arquivos de tipo multimedia asociados ao mesmo (vídeos, arquivos de son, documentos, ligazóns web, etc.). Os botóns de acceso aos arquivos multimedia relacionados activaranse de xeito automático cando estes existan.

A botoneira asociada a esta vista:



- **Icona** que representa o tipo de documento que estamos a tratar (audio, video, material textual).
- **Contido:** amosa a información que incluamos no campo "**notas de contido**" do formulario de catalogación (por exemplo, autores e títulos dunha antoloxía ou pistas dun álbum de música).
- **Vídeo, Son, Documento:** permite reproducir ou visualizar arquivos asociados a ese rexistro.